



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSERVATORIO PROFESIONAL
DE MÚSICA DA CORUÑA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

PROGRAMACIÓN DE LINGUAXE MUSICAL CURSO 2025/26

**DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA**



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	5
2. METODOLOXÍA.....	6
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	6
4. TEMAS TRANSVERSAIS	8
4.1. Educación en valores	8
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).....	8
5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS	9
6. SECUENCIACIÓN DO CURSO	10
6.1. Curso: 1.º Curso de Grao Elemental (1.º GE)	10
6.1.1. Obxectivos	10
6.1.2. Contidos.....	10
6.1.3. Avaliación.....	12
6.1.3.1. Criterios de avaliación	12
6.1.3.2. Mínimos esixibles	13
6.1.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	14
6.1.3.4. Criterios de cualificación.....	15
6.1.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	16
6.1.3.6. Medidas de recuperación	17
6.1.3.7. Probas extraordinarias.....	17
6.1.4. Recursos didácticos	17
6.2. Curso: 2º Curso de Grao Elemental (2º GE)	19
6.2.1. Obxectivos	19
6.2.2. Contidos.....	19
6.2.3. Avaliación.....	21
6.2.3.1. Criterios de avaliación	21
6.2.3.2. Mínimos esixibles	22
6.2.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	23
6.2.3.4. Criterios de cualificación.....	24
6.2.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	25
6.2.3.6. Medidas de recuperación	26
6.2.3.7. Probas extraordinarias.....	26
6.2.4. Recursos didácticos	27
6.3. Curso: 3º Curso de Grao Elemental (3º GE)	28
6.3.1. Obxectivos	28
6.3.2. Contidos.....	28
6.3.3. Avaliación.....	30
6.3.3.1. Criterios de avaliación	30
6.3.3.2. Mínimos esixibles	31
6.3.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	32
6.3.3.4. Criterios de cualificación.....	33
6.3.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	34
6.3.3.6. Medidas de recuperación	35
6.3.3.7. Probas extraordinarias.....	35



6.3.4.	Recursos didácticos	36
6.4.	Curso: 4º Curso de Grao Elemental (4º GE)	37
6.4.1.	Obxectivos	37
6.4.2.	Contidos	37
6.4.3.	Avaliación	39
6.4.3.1.	Criterios de avaliación	39
6.4.3.2.	Mínimos esixibles	40
6.4.3.3.	Procedementos e ferramentas de avaliación	41
6.4.3.4.	Criterios de cualificación	42
6.4.3.5.	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	44
6.4.3.6.	Medidas de recuperación	44
6.4.3.7.	Probas extraordinarias	44
6.4.4.	Recursos didácticos	45
6.5.	Curso: 1º Curso de Grao Profesional (1º GP)	46
6.5.1.	Obxectivos	46
6.5.2.	Contidos	46
6.5.3.	Avaliación	48
6.5.3.1.	Criterios de avaliación	48
6.5.3.2.	Mínimos esixibles	48
6.5.3.3.	Procedementos e ferramentas de avaliación	51
6.5.3.4.	Criterios de cualificación	52
6.5.3.5.	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	53
6.5.3.6.	Medidas de recuperación	54
6.5.3.7.	Probas extraordinarias	54
6.5.4.	Recursos didácticos	54
6.6.	Curso: 2º Curso de Grao Profesional (2º GP)	56
6.6.1.	Obxectivos	56
6.6.2.	Contidos	57
6.6.3.	Avaliación	58
6.6.3.1.	Criterios de avaliación	58
6.6.3.2.	Mínimos esixibles	59
6.6.3.3.	Procedementos e ferramentas de avaliación	63
6.6.3.4.	Criterios de cualificación	64
6.6.3.5.	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	65
6.6.3.6.	Medidas de recuperación	66
6.6.3.7.	Probas extraordinarias	67
6.6.4.	Recursos didácticos	67
7.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	68
8.	PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR LA AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	68
9.	ANEXOS	69
9.1.	Probas de acceso 1º Grao Elemental	69
9.1.1.	Contidos	69
9.1.2.	Criterios de avaliación e cualificación	69
9.2.	Probas de acceso 1º de Grao Profesional	70
9.2.1.	Contidos	70
9.2.2.	Criterios de avaliación e calificación	70
9.3.	Probas de acceso a outros cursos	71
9.3.1.	Probas de acceso a 2º Curso de GE	71
9.3.1.1.	Contidos	71



9.3.1.2.	Criterios de avaliación e cualificación	71
9.3.2.	Probas de acceso a 3º Curso de GE	72
9.3.2.1.	Contidos.....	72
9.3.2.2.	Criterios de avaliación e cualificación	72
9.3.3.	Probas de acceso a 4º Curso de GE	73
9.3.3.1.	Contidos.....	73
9.3.3.2.	Criterios de avaliación y cualificación	73
9.3.4.	Probas de acceso a 2º Curso de GP	74
9.3.4.1.	Contidos.....	74
9.3.4.2.	Criterios de avaliación e cualificación	74
9.3.5.	Probas de acceso a 3º/4º/5º/6º Curso de GP	75
9.3.5.1.	Contidos	75
9.3.5.2.	Criterios de avaliación e cualificación	75



1. INTRODUCCIÓN

A Música é ante todo unha linguaxe, a linguaxe dos sons; por iso, debemos establecer un certo paralelismo entre a linguaxe musical e a oral. Así como nesta último temos letras, sílabas, palabras, etc., en música acontece o mesmo. As notas son o equivalente ás letras e elas por si mesmas non poden ofrecer un significado; para acadalo han de combinarse e ordenarse rítmicamente.

Partindo da base de que a música é unha linguaxe debemos comezar por escoitar, despois falar imitando o escoitado, logo ler e por último aprender as normas, para a súa comprensión.

A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vogais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas de modo que o código musical se converta nun instrumento útil e eficaz de comunicación e representación, aspectos básicos que integran a práctica musical igual que en toda actividade lingüística.

A ensinanza da linguaxe musical está baseada en desenvolver no alumno as catro capacidades esenciais: saber escoitar, saber cantar, saber ler e saber escribir; para o cal é moi importante a práctica sistemática e constante.

A materia da linguaxe musical é troncal para a formación instrumental sendo este o seu principal cometido, pero sen descoidar a meta dunha formación nun senso máis amplo, unha formación musical humanística.

De esta maneira, a linguaxe musical senta non só as bases necesarias para que o alumno acade unha autonomía no descubrimento das partituras que están a aprender no instrumento, senón tamén para capacitalo para a posterior aproximación ás demais materias que compoñen o currículo dos estudos musicais.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Elemental: No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de setembro de 2007. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.



Grao Profesional: A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

2. METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada polos profesores de Linguaxe Musical, a pesar de presentar características individuais en función da personalidade de cada un (a idade dos alumnos, o nivel de coñecementos do grupo que en determinados casos pode alterar os contidos e a secuenciación da programación, etc.) posúe un importante punto en común: trátase dunha metodoloxía activa, significativa e constructiva, é dicir, cada elemento explicado é a base para o entendemento dun novo elemento. A práctica e a teoría interactúan constantemente entre sí.

Dita metodoloxía implica directamente ao alumno e baséase na aprendizaxe e no descubrimento de situacións comunicativas que fomentan a creatividade e a propia autonomía dos alumnos.

A planificación das clases realizarase sempre de acordo co programa a desenvolver durante o ano.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O tratamento á diversidade non pode pasar desapercibido no noso proxecto curricular.

Os docentes temos a responsabilidade de concretar intervencións encamiñadas a atender problemas específicos dos distintos alumnos.

As pautas a seguir para estas intervencións comezan cando no principio do curso facemos unha avaliación inicial a modo de constatación que nos permita identificar trazos da diversidade. Os máis característicos que xorden nas nosas aulas son:

- Seu diferente nivel musical.



- As dificultades concretas nas distintas áreas da materia.
- A súa diferente actitude e interese (motivación).
- Grao de adaptación segundo as condicións innatas para a música.

Dado que nos atopamos con algunhas destas dificultades, e como as nosas clases son de grupo, xurdirá a necesidade de manter un fío condutor de xeito que o rendemento desigual non traia como resultado disfuncións no colectivo. Un alumno destacado non debería monopolizar toda a atención do profesor ao igual que ningún alumno con dificultades debe ser nunca ignorado.

Debemos atopar fórmulas de adaptación mediante a distribución de tarefas e deberes de xeito distinto, poñendo en xogo recursos e estratexias variadas para que ao final de curso o alumno poida acadar no esencial os obxectivos fixados nesta programación.

Asemade os obxectivos poderán ser ampliados no caso de que o nivel do grupo o permita, e sempre que os obxectivos recollidos nesta programación do curso xa foran acadados.



4. TEMAS TRANSVERSAIS

4.1. Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto.

Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados.

O estudo da música nos conservatorios cinguese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.



Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grao de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes.

As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

O traballo realizado dentro da aula verase moi enriquecida coas distintas actividades complementarias establecidas polo departamento.

Dentro de cada curso, poderanse realizar ao longo do ano actividades como as que seguen:

- Asistencia aos ensaios das agrupacións do conservatorio.
- Asistencia a concertos e audicións organizados polo conservatorio.
- Asistencia a concertos organizados fora do centro, etc.
- Audicións organizadas polo departamento.



6. SECUENCIACIÓN DO CURSO

6.1. Curso: 1.º Curso de Grao Elemental (1.º GE)

6.1.1. Obxectivos

- Relacionar os coñecementos que se adquiren na Linguaxe Musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo melódico – rítmico.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da Linguaxe Musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Conseguir a correcta emisión e articulación do son.
- Conseguir unha correcta asimilación dos contidos correspondentes ao área teórico-práctica.
- Adquirir soltura na lectura de fórmulas rítmicas traballadas durante o curso dentro dos compases que figuran no programa.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.
- Mostrar unha moi boa caligrafía ó longo de todo o curso.
- Mostrar capacidade para a repentización.

6.1.2. Contidos

Lectura:

- Coñecemento das claves de Sol e Fa na 4ª. Iniciación a Dó na 3ª no caso de que no grupo haxa alumnos de viola. Relación destas claves entre si.
- Ámbito de notas en clave de Sol, dúas oitavas, dende o Sol 2, ata o Sol 4.
- Lectura combinada nas claves de Sol e Fa en 4ª.

Ritmo:

- Cumprimento dos contidos rítmicos (entoándoo, facendo uso da “octavación” cando sexa necesario) correspondentes á bibliografía obrigada.
- Así mesmo utilizaranse tantos materiais adicionais como resulten necesarios para a exercitación óptima dos contidos.
- Coñecemento e exercitación dos contidos rítmicos presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine.
- Necesidade de marcar os compases.



- Interiorización do pulso. Pulso constante. Acento.
- Práctica da memoria.
- Práctica de Ritmos simultáneos.
- Práctica da repentización rítmica.
- Práctica de improvisación rítmica sobre unhas pautas pre-establecidas.

Entoación:

- Cumprimento dos contidos de entoación correspondentes á bibliografía obrigada.
- Coñecemento e exercitación dos contidos de entoación presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine.
- Traballarse a entoación con ou sen acompañamento pianístico.
- Respiración e emisión da voz.
- Diferenciación dos modos maior e menor.
- Mecanización das escalas e arpejos de Do maior e la menor.
- Iniciación ás alteracións.
- Entoar con e sen texto.
- Entoación básica a dúas voces.
- Práctica da memoria.
- Práctica da repentización de entoación con e sen acompañamento pianístico.
- Práctica de improvisación melódica sobre unhas pautas pre-establecidas.

Práctica auditiva:

- Coñecemento e exercitación dos contidos auditivos presentes nos materiais que o profesor determine.
- Identificación de pulsos e acentos (subdivisión).
- Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico-rítmico abarcando os dous apartados anteriores.
- Ditados de intervalos melódicos e harmónicos.
- Recoñecemento do Acorde Perfecto Maior o do Acorde Perfecto menor.
- Diferenciación entre as funcións de Tónica (I) e Dominante (V). Cadencias.
- Deberanse facer audicións con frecuencia, para o coñecemento dos diferentes estilos da historia da música.

Teoría da Música:

- Escritura musical: pentagrama, clave de Sol, clave de Fa, notas musicais, liñas adicionais e plicas.
- Pulso, acento e compás.
- Figuras de nota e silencios.



- Calidades do son.
- Liñas divisorias, dobre barra e dobre barra final.
- O compás: compases simples. 2/4, 3/4 e 4/4.
- Signos de prolongación: ligadura, puntillo e caldeirón.
- Tempo: largo, lento, adagio, andante, andantino, allegro, vivo, presto.
- Metrónomo.
- Matices agónicos: ritardando e acelerando.
- Matices dinámicos: pianissimo, piano, mezzo forte, forte, fortísimo, crescendo, diminuendo e reguladores.
- Signos de expresión: legato, picado, subliñado e acento.
- Escala, octava e graos.
- Ton e semitón.
- Alteracións: diése, bemol, becuadro.
- Anacruse.
- Coma de respiración.
- Intervalos: concepto e clasificacións básicas.
- Signos de repetición: dous puntos, 1ª e 2ª vez.

6.1.3. Avaliación

6.1.3.1. Criterios de avaliación

1. Executar correctamente as fórmulas rítmicas traballadas na bibliografía obrigatoria
2. Manter o pulso constante e marcar correctamente o compás na execución dun fragmento musical.
3. Identificar no pentagrama as notas da escala de Do maior escritas na clave de sol ampliando o rango unha 4ª ascendente e 5ª descendente.
4. Identificar no pentagrama as notas da escala de Do maior, en melodías escritas por graos conxuntos, na clave de Fa na 4ª.
5. Identificar no pentagrama as notas da escala de Do maior, en melodías escritas por graos conxuntos, na clave de Do na 3ª.
6. Entoar correctamente a escala e arpexo de dó maior e la menor así como melodías que conteñan intervalos de 2as e 3as maiores e menores, 4as, 5as e 8as xustas, 4ª aumentada e 5ª diminuída, con e sen acompañamento pianístico en compás de 2/4 e 3/4.
7. Entoar correctamente os exercicios melódicos propostos, atendendo á correcta emisión e afinación.
8. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
9. Identificar auditivamente e reproducir por escrito, fórmulas rítmicas que conteñan brancas, negras e dúas corcheas e catro semicorcheas.
10. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico-rítmicos abranguendo as dificultades traballadas no curso.



11. Identificar auditivamente e reproducir por escrito as notas da escala de Do maior e la menor.
12. Escribir as figuras e os seus silencios, as claves, liñas divisorias e adicionais, ligaduras, compás e alteracións empregando unha boa caligrafía.
13. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no curso.
14. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos de:
Pentagrama / compás / claves / liñas divisorias e adicionais / figuras e silencios / anacrusa / punto e ligaduras / caldeirón / matices / dinámica / tempo / metrónomo / síncopa / notas a contratempo / ton e semitón / intervalo / acorde / alteración.

6.1.3.2. Mínimos esixibles

Aínda tendo en conta que a evolución e o rendemento dos grupos é moi variable dependendo de factores tales como: as idades dos alumnos, o número de alumnos, o calendario escolar, as propias capacidades individuais dos alumnos, etc. podemos establecer uns mínimos esixibles que corresponden á bibliografía utilizada polo Departamento.

Para poder superar a materia de Linguaxe Musical neste curso, atenderase ós catro bloques de contidos avaliáveis reflectidos nesta programación no apartado de PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN (Ritmo, entoación, práctica auditiva e teoría), e establecéndose os seguintes mínimos esixibles secuenciados trimestralmente:

1º- GE - RITMO		
Ritmo 1 - Jesús Tordesillas Herrero. Ed Si bemol		
1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Clave de Sol do nº 1 ao nº 56	Clave de Sol do nº 57 ao nº 110	Clave de Sol do nº 111 ao nº 167
Clave de Fa do nº 168 ao nº 173	Clave de Fa do nº 174 ao nº 179	Clave de Fa do nº 180 ao nº 187
Precisarase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios de pulso=60, permitindo unicamente erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas		

1º- GE - ENTOACIÓN		
Entonación 1 - Jesús Tordesillas Herrero. Ed Si bemol		
1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Do nº 1 ao nº 20	Do nº 21 ao nº 40	Do nº 41 ao nº 60



Precisarase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios de pulso=60, permitindo unicamente erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas

PRÁCTICA AUDITIVA

En cada unha das avaliacións realizarase a transcripción por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente un 50% de erros en cada exercicio.

TEORIA

En cada unha das avaliacións deberase realizar correctamente polo menos o 50% dos exercicios teóricos expostos

6.1.3.3. *Procedementos e ferramentas de avaliación*

Na L.O.E.. do mesmo xeito que na L.O.G.S.E. os profesores poden cualificar aos seus alumnos sen necesidade de que estes realicen un exame cun tribunal.

Nas primeiras xornadas lectivas realizarase unha AVALIACIÓN INICIAL. Para a realización da avaliación inicial analizaranse os informes de avaliación individualizados do curso pasado, a fin de detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior.

No que se refire á Linguaxe Musical debemos considerar que esta materia ten carácter troncal e ademais está concibida, non só como a materia que engloba os contidos do antigo Solfexo. Tamén nos seus últimos cursos será a transición graduada a outras materias como a Harmonía, por exemplo. Deste xeito, a Linguaxe Musical constitúese tamén como o lugar de recurso onde atopar as claves que lles permitan aos alumnos unha maior comprensión do feito musical.

A pesar de a perspectiva apuntada non debemos esquecer que a Linguaxe Musical resulta ser ademais a base fundamental para os alumnos que inician os seus estudos musicais.

Despois destas consideracións resulta obvio que a observación directa na propia aula dos alumnos resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser este o sistema requirido pola administración competente.

Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, como ás inquietudes e interese do alumnado, que é o que, na maior parte dos casos, vai permitir co paso do tempo que este chegue a ser músico.

Aínda sendo incuestionable que o criterio de avaliación continua é o adecuado para avaliar aos alumnos, tamén temos establecidas probas trimestrais con información para os pais dos resultados das mesmas.



Estas probas abarcan en cada un dos cursos os seguintes apartados, tendo en conta os criterios de avaliación do trimestre reflectidos nas distintas programacións:

- Exercicios de lectura rítmica.
- Exercicios de entoación con ou sen acompañamento pianístico.
- Realización dunha proba auditiva.
- Proba escrita dos contidos teóricos dados.

Ademais do exposto, cando o profesor considéreo necesario, realízanse probas para controlar de forma máis individual os contidos teóricos e prácticos da materia.

6.1.3.4. *Criterios de cualificación*

Aínda de acordo coa L.O.E. contemplárase non só a aprendizaxe dos contidos conceptuais e procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais.

Consideramos moi importante estes últimos, xa que teñen moita influencia nos conceptuais á hora de valorar o rendemento do curso dun alumno en particular. Estes contidos actitudinais serán:

- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

Será o propio profesor quen cualifique ao final de curso aos seus alumnos, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo unha desglose da puntuación obtida polo alumno en cada apartado dos contidos de Ritmo, entoación, audición e teoría, ademais dos actitudinais (actitude, participación), segundo a seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 25%
- Entoación: 25
- Audición: 25%
- Teoría: 20%
- Contidos Actitudinais: 5%

A cualificación global non só é a media das cualificacións parciais; esta cualificación global será a que mereza o desenvolvemento da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva para facerlle fronte ao curso seguinte, posto que a avaliación é continua e sumativa en todos os aspectos aquí reflectidos.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.



A porcentaxe aplicable para a obtención da nota final será o seguinte:

- Nota de clase 70%
- Nota de exame 30%

No caso de que o nivel do alumnado dunha determinada clase o permita, os contidos e obxectivos desta programación de Linguaxe Musical e Educación auditiva e Vocal poderán ser ampliados no desenvolvemento das clases, aínda que non serán esixibles obrigatoriamente nas probas avaliativas.

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e medio, require un seguimento constante e continuado por parte do profesor e polo tanto, a asistencia regular ás clases.

O alumnado que non poida ser avaliado de forma continua, será avaliado mediante unha proba final de curso que consistirá nos seguintes apartados e as súas ponderacións, tendo en conta os contidos xerais do curso correspondente reflectidos nas programacións de Linguaxe Musical.

- Exercicio de lectura rítmica 30%
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico 20%
- Realización dunha proba auditiva 30%
- Proba escrita dos contidos teóricos do curso 20%

6.1.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para que a un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No que respecta á Linguaxe Musical, os profesores, previa información dos titores (dentro do primeiro trimestre) faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar.

Dito exame será similar ao que aparece no apartado da programación “Perda da avaliación continua”. O alumno demostrará nese exame que domina os contidos do curso no que se matriculou, pero tamén que terá que demostrar o grao de aptitudes e a capacidade para superar o seguinte.

O alumnado que opta á ampliación de matrícula deberá cursar a solicitude para o efecto, no prazo establecido polo centro profusamente anunciado polas canles habituais.

O exame realizarase antes da primeira avaliación e será na devandita sesión de avaliación onde será concedida, no seu caso, a ampliación de matrícula.



6.1.3.6. *Medidas de recuperación*

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente de Linguaxe Musical, matricularase, ademais, do curso seguinte da devandita materia. Deberá asistir ás clases dos dous cursos. Mentres non alcance os niveis esixidos e superase o curso pendente, non poderá conseguir unha cualificación positiva no curso superior.

Faranse exames (similares aos exames do alumnado que non poida ser avaliado de forma continua) abarcando todos os contidos da materia pendente para poder aprobar dita materia dentro do trimestre que o profesor considere oportuno. No caso que o alumno supere dita proba coa cualificación correspondente, poderá deixar de asistir ás clases do curso pendente, quedando este superado.

Procedementos de recuperación trimestrais

O alumno cun trimestre suspenso, pode ir recuperándoo, clase a clase, ao longo do trimestre seguinte, baixo a observación do profesor, que é quen debe considerar a evolución do alumno. Os contidos da materia favorecen unha aprendizaxe continua, construtivo e sumativo (cada elemento asimilado é base para a asimilación dun novo) xa que é imprescindible asegurar os elementos non asimilados para poder continuar a aprendizaxe. O alumno que ao final do curso non consiga unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias que figuran neste currículo, co mesmo profesor.

6.1.3.7. *Probas extraordinarias*

Estes exames serán unicamente para aqueles alumnos que non superaron a materia de Linguaxe Musical ao longo do curso.

Devandito exame consistirá nos seguintes apartados, segundo os contidos xerais do curso reflectidos na programación e coa seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 30
- Entoación: 20 %
- Audición: 30 %
- Teoría: 20 %

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran na programación de cada curso. Será o propio profesor quen cualifique este exame, segundo o exposto anteriormente no proxecto curricular.

6.1.4. *Recursos didácticos*

BIBLIOGRAFÍA OBRIGATORIA DE LINGUAXE MUSICAL – 1.º Curso de GE

- Ritmo 1. Jesus Tordesillas Herrero. Ed Si bemol
- Entonación 1. Jesus Tordesillas Herrero. Ed Si bemol



- Teoría visual de la música 1. L. Abad Tamarit – A. Barrios Díaz. Ed. Impromptu

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA DE LINGUAXE MUSICAL – 1.º Curso de GE

- Ritmo y Lectura Musical . 1.º Enseñanzas Elementales. Ana Fernández-Vega. Musica Omnia Ediciones
- Lenguaje Musical Melódico I. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Lenguaje Musical Rítmico I. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Teoría del Lenguaje Musical. Primer Curso. Sonia Bellón, Marcelino Moreno. Ed Música Didáctica
- El Lenguaje de la Música 1. Ana Mª. Navarrete Porta. Ed. Sociedad Didáctico Musical.
- Cuadernos de Lenguaje 1.ºA, 1.ºB, 1.ºC. Grao Elemental. Ibáñez-Cursá. Ed. Real Musical.
- Ritmo y lectura 1. López de Arenosa: Ed. Real Musical.
- Técnica básica de Lenguaje Musical. Cursos 1.º y 2.º de Grao Elemental. Xavier Boliart. Editoria; Dinsic.
- Canto escolar 1. Luis Elizalde. Publicaciones Claretianas.
- Lecciones de entonación. Preparatorio. Félix Sierra. Ed. Real Musical.
- Lecciones de entonación. Curso 1.º. Félix Sierra. Ed. Real Musical.
- Nuevos cuadernos de Teoría 1. Grao Elemental. Ibáñez-Cursá. Ed. Real Musical.
- Cantigas para unha pedagogía coral. Fátima Patiño. Edicions Fontela S.L.



6.2. Curso: 2º Curso de Grao Elemental (2º GE)

6.2.1. Obxectivos

- Relacionar os coñecementos que se adquiren na Linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo melódico-rítmico.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da Linguaxe Musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Acadar unha correcta articulación e emisión do son.
- Acadar unha correcta asimilación dos contidos correspondentes ao área teórico – práctica.
- Adquirir soltura na lectura de fórmulas rítmicas traballadas durante o curso dentro dos compases que figuran no programa.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.
- Mostrar unha moi boa caligrafía ó longo de todo o curso.
- Mostrar capacidade para a repentización.

6.2.2. Contidos

Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación do primeiro curso.

Lectura:

- Coñecemento das claves de Sol e Fa na 4.^a. Práctica de Dó na 3.^a no caso de que no grupo haxa alumnos de viola. Relación das claves entre si.
- Lectura combinada entre as claves de Sol e Fa na 4.^a.

Ritmo:

- Cumprimento dos contidos rítmicos (entoándoos, facendo uso da “octavación” cando sexa necesario) correspondentes á bibliografía obrigada.
- Así mesmo utilizaranse tantos materiais adicionais como resulten necesarios para a exercitación óptima dos contidos.
- Coñecemento e exercitación dos contidos rítmicos presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine.
- Necesidade de marcar os compases.



- Interiorización do pulso. Pulso constante. Acento.
- Práctica da memoria.
- Práctica de Ritmos simultáneos.
- Práctica da repentización rítmica.
- Práctica de improvisación rítmica sobre unhas pautas pre-establecidas.
- Práctica da subdivisión en semicorcheas nos compases compostos coas combinatorias básicas.

Entoación:

- Cumprimento dos contidos de entoación correspondentes á bibliografía obrigada.
- Coñecemento e exercitación dos contidos de entoación presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine.
- Traballarase a entoación con o sen acompañamento pianístico.
- Respiración, articulación e emisión de voz.
- Mecanización interválica, ademais de escalas e arpejos de tonalidades ata unha alteración.
- Mecanización dos intervalos diatónicos simples: 2.^a e 3.^a maiores e menores; 4.^a, 5.^a e 8.^a xustas.
- Práctica do cromatismo.
- Entoación con e sen texto.
- Entoación a dúas e tres voces.
- Práctica da memoria.
- Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.
- Práctica da repentización de entoación con e sen acompañamento pianístico.
- Práctica de improvisación melódica sobre unhas pautas pre-establecidas.

Práctica auditiva:

- Coñecemento e exercitación dos contidos auditivos presentes nos materiais que o profesor determine.
- Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico – rítmico abranguendo os dous apartados anteriores
- Ditado interválico harmónico e melódico.
- Recoñecemento auditivo dos acordes de tríada perfecto maior, perfecto menor.
- Diferenciación entre as funcións de Tónica, Subdominante e Dominante.
- Deberanse facer audicións con frecuencia para o coñecemento dos diferentes estilos da historia da música.
- Sensación de Tónica, Dominante e Subdominante



Teoría da Música:

- Compases. Os traballados en 1º mais os compases compostos: 6/8, 9/8 e 12/8. Subdivisión e compás de 2/2.
- Alteracións: propias, accidentais e precaución.
- Semitón cromático e diatónico, unísono e notas enharmónicas.
- Fusa e semifusa.
- Intervalos: número e especie con sons naturais.
- Concepto acorde e arpexo.
- Tonalidade e modalidade.
- Armadura: Tonalidades maiores con díeses e con bemoles.
- Tonalidades menores ata unha alteración.
- Tipos de escalas menores ata 1 alteración: natural, harmónica e melódica.
- Grupos de valoración especial: dosillo e tresillo.
- Cambios de acentuación: notas a contratempo e síncopa.
- Cambio de compás: equivalencia pulso = pulso.
- Signos de repetición: os traballados en 1º mais parágrafo ou chamada e da capo.
- Ostinato rítmico e signos de repetición de compases.
- Ligaduras de prolongación e expresión.
- O canon.
- Matices dinámicos: os traballados en 1º mais piano-forte, forte-piano, crescendo, diminuendo e reguladores.
- Carácter: concepto e termos.
- Matices agónicos: os traballados en 1º mais rallentando, a tempo e tenuto.
- Signos de expresión: os traballados en 1º mais marcato.
- Tempo. Términos traballados en 1º mais diminutivo e superlativo: vivacísimo, prestísimo, larghísimo, adagietto, andantino, allegretto e larghetto.
- Adverbios de tempo: molto, assai, piú, non troppo, non tanto, meno, poco e quasi.

6.2.3. Avaliación

6.2.3.1. Criterios de avaliación

1. Executar correctamente as fórmulas rítmicas traballadas na bibliografía obrigatoria.
2. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de Sol abranguendo dende o La 2 ata o Dó 5.
3. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de Fa na 4ª abranguendo dende o Sol 1 ata o Mi 3
4. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de Dó na 3ª no ámbito da oitava.
5. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
6. Entoar correctamente escalas e arpexos de dó maior, la menor, sol maior e mi menor.
7. Entoar correctamente escalas e arpexos ata dúas alteracións, así como melodías con e



sen acompañamento pianístico.

8. Entoar correctamente os exercicios melódicos propostos, atendendo á correcta emisión e afinación.
9. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
10. Identificar auditivamente e reproducir por escrito as fórmulas rítmicas traballadas na lectura.
11. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abranguendo as dificultades traballadas no curso.
12. Empregar unha boa caligrafía na escritura de fragmentos musicais.
13. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos acadados no 1º curso engadindo:

Compases simples e compostos / alteracións propias e accidentais / armadura / signos de repetición / termos referidos ao tempo, carácter e articulación / intervalos (maiores, menores e xustos) / escala no modo menor e ubicación dos tons e semitóns / dosillo / termos que modifican o movemento / graos de la escala, graos tonais e modais / tonalidade e modalidade / equivalencias / obtención da armadura a partir da tonalidade (modo maior) / obtención da tonalidade a partir da armadura (modo maior) / acordes tríadas (maior e menor).

6.2.3.2. *Mínimos esixibles*

Aínda tendo en conta que a evolución e o rendemento dos grupos é moi variable dependendo de factores tales como: as idades dos alumnos, o número de alumnos, o calendario escolar, as propias capacidades individuais dos alumnos, etc. podemos establecer uns mínimos esixibles que corresponden á bibliografía utilizada polo Departamento.

Para poder superar a materia de Linguaxe Musical neste curso, atenderase ós catro bloques de contidos avaliáveis reflectidos nesta programación no apartado de PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (Ritmo, entoación, práctica auditiva e teoría), e establecéndose os seguintes mínimos esixibles secuenciados trimestralmente:

2º- GE - RITMO		
Ritmo 2 - Jesús Tordesillas Herrero. Ed Si bemol		
1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Clave de Sol do nº 1 ao nº 64	Clave de Sol do nº 65 ao nº 124	Clave de Sol do nº 125 ao nº 162
Clave de Fa do nº 163 ao nº 181	Clave de Fa do nº 182 ao nº 186	Clave de Fa – reforzo
Precisarase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios de pulso=60, permitindo unicamente erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas		



2º- GE – ENTOACIÓN		
Entonación 2 - Jesús Tordesillas Herrero. Ed Si bemol		
1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Do nº 1 ao nº 31	Do nº 32 ao nº 45	Do nº 46 ao nº 60
Precisarase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios de pulso=60, permitindo unicamente erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas		

PRÁCTICA AUDITIVA

En cada unha das avaliacións realizarase a transcripción por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente un 50% de erros en cada exercicio.

TEORIA

En cada unha das avaliacións deberase realizar correctamente polo menos o 50% dos exercicios teóricos expostos.

6.2.3.3. *Procedementos e ferramentas de avaliación*

Na L.O.E.. do mesmo xeito que na L.O.G.S.E. os profesores poden cualificar aos seus alumnos sen necesidade de que estes realicen un exame cun tribunal.

Nas primeiras xornadas lectivas realizarase unha AVALIACIÓN INICIAL. Para a realización da avaliación inicial analizaranse os informes de avaliación individualizados do curso pasado, a fin de detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior.

No que se refire á Linguaxe Musical debemos considerar que esta materia ten carácter troncal e ademais está concibida, non só como a materia que engloba os contidos do antigo Solfeo. Tamén nos seus últimos cursos será a transición graduada a outras materias como a Harmonía, por exemplo. Deste xeito, a Linguaxe Musical constitúese tamén como o lugar de recurso onde atopar as claves que lles permitan aos alumnos unha maior comprensión do feito musical.

A pesar de a perspectiva apuntada non debemos esquecer que a Linguaxe Musical resulta ser ademais a base fundamental para os alumnos que inician os seus estudos musicais.

Despois destas consideracións resulta obvio que a observación directa na propia aula dos alumnos resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser leste o sistema requirido pola administración competente.



Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, como ás inquietudes e interese do alumnado, que é o que, na maior parte dos casos, vai permitir co paso do tempo que este chegue a ser músico.

Aínda sendo incuestionable que o criterio de avaliación continua é o adecuado para avaliar aos alumnos, tamén temos establecidas probas trimestrais con información para os pais dos resultados das mesmas.

Estas probas abarcan en cada un dos cursos os seguintes apartados, tendo en conta os criterios de avaliación do trimestre reflectidos nas distintas programacións:

- Exercicios de lectura rítmica.
- Exercicios de entoación con ou sen acompañamento pianístico.
- Realización dunha proba auditiva.
- Proba escrita dos contidos teóricos dados.

Ademais do exposto, cando o profesor considéreo necesario, realízanse probas para controlar de forma máis individual os contidos teóricos e prácticos da materia.

6.2.3.4. *Criterios de cualificación*

De acordo coa L. O. E. contemplárase non só a aprendizaxe dos contidos conceptuais e procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais.

Consideramos moi importante estes últimos, xa que teñen moita influencia nos conceptuais á hora de valorar o rendemento do curso dun alumno en particular. Estes contidos actitudinais serán:

- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

Será o propio profesor quen cualifique ao final de curso aos seus alumnos, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo unha desglose da puntuación obtida polo alumno en cada apartado dos contidos de Ritmo, entoación, audición e teoría, ademais dos actitudinais (actitude, participación), segundo a seguinte ponderación:

- Lectura rítmica : 25%
- Entoación: 25%
- Audición: 25%
- Teoría: 20%
- Contidos Actitudinais: 5%

A cualificación global non só é a media das cualificacións parciais; esta cualificación global será a que mereza o desenvolvemento da capacidade do alumno durante o curso, significará



o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva para facerlle fronte ao curso seguinte, posto que a avaliación é continua e sumativa en todos os aspectos aquí reflectidos.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

A porcentaxe aplicable para a obtención da nota final será o seguinte:

- Nota de clase 60%
- Nota de exame 40%

No caso de que o nivel do alumnado dunha determinada clase o permita, os contidos e obxectivos desta programación de Linguaxe Musical e Educación auditiva e Vocal poderán ser ampliados no desenvolvemento das clases, aínda que non serán esixibles obrigatoriamente nas probas avaliativas.

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e medio, require un seguimento constante e continuado por parte do profesor e polo tanto, a asistencia regular ás clases.

A comisión de Coordinación Pedagóxica acordou que o número máximo de faltas de asistencia que levarán á perda do dereito á avaliación continua serán de oito clases nesta materia.

O alumnado que non poida ser avaliado de forma continua, será avaliado mediante unha proba final de curso que consistirá nos seguintes apartados e as súas ponderacións, tendo en conta os contidos xerais do curso correspondente reflectidos nas programacións de Linguaxe Musical.

- Exercicio de lectura rítmica 30%
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico 20%
- Realización dunha proba auditiva 30%
- Proba escrita dos contidos teóricos do curso 20%

6.2.3.5. *Criterios para a concesión de ampliación de matrícula*

Para que a un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No que respecta á Linguaxe Musical, os profesores, previa información dos titores (dentro do primeiro trimestre) faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar.

Dito exame será similar ao que aparece no apartado da programación “Perda da avaliación continua”. O alumno demostrará nese exame que domina os contidos do curso no que se



matriculou, pero tamén que terá que demostrar o grao de aptitudes e a capacidade para superar o seguinte.

O alumnado que opta á ampliación de matrícula deberá cursar a solicitude para o efecto, no prazo establecido polo centro profusamente anunciado polas canles habituais.

O exame realizarase antes da primeira avaliación e será na devandita sesión de avaliación onde será concedida, no seu caso, a ampliación de matrícula.

6.2.3.6. *Medidas de recuperación*

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente de Linguaxe Musical, matricularase, ademais, do curso seguinte da devandita materia. Deberá asistir ás clases dos dous cursos. Mentres non alcance os niveis esixidos e superase o curso pendente, non poderá conseguir unha cualificación positiva no curso superior.

Faranse exames (similares aos exames do alumnado que non poida ser avaliado de forma continua) abarcando todos os contidos da materia pendente para poder aprobar dita materia dentro do trimestre que o profesor considere oportuno. No caso que o alumno supere dita proba coa cualificación correspondente, poderá deixar de asistir ás clases do curso pendente, quedando este superado.

Procedementos de recuperación trimestrais

O alumno cun trimestre suspenso, pode ir recuperándoo, clase a clase, ao longo do trimestre seguinte, baixo a observación do profesor, que é quen debe considerar a evolución do alumno. Os contidos da materia favorecen unha aprendizaxe continua, construtivo e sumativo (cada elemento asimilado é base para a asimilación dun novo) xa que é imprescindible asegurar os elementos non asimilados para poder continuar a aprendizaxe. O alumno que ao final do curso non consiga unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias que figuran neste currículo, co mesmo profesor.

6.2.3.7. *Probas extraordinarias*

Estes exames serán unicamente para aqueles alumnos que non superaron a materia de Linguaxe Musical ao longo do curso.

Devandito exame consistirá nos seguintes apartados, segundo os contidos xerais do curso reflectidos na programación e coa seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 30 %
- Entoación: 20 %
- Audición: 30 %
- Teoría: 20 %



Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran na programación de cada curso. Será o propio profesor quen cualifique este exame, segundo o exposto anteriormente no proxecto curricular.

6.2.4. Recursos didácticos

BIBLIOGRAFÍA OBRIGATORIA DE LINGUAXE MUSICAL - 2º Curso de GE

- Ritmo 2. Jesus Tordesillas Herrero. Ed Si bemol
- Entonación 2. Jesus Tordesillas Herrero. Ed Si bemol
- Teoría visual de la música 2. L. Abad Tamarit – A. Barrios Díaz. Ed. Impromptu

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA DE LINGUAXE MUSICAL - 2º Curso de GE

- Ritmo y Lectura Musical . 2º Enseñanzas Elementales. Ana Fernández-Vega. Musica Omnia Ediciones
- Lenguaje Musical Melódico II. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Lenguaje Musical Rítmico II. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Teoría del Lenguaje Musical. Segundo Curso. Sonia Bellón, Marcelino Moreno. Ed Música Didáctica.
- El Lenguaje de la Música 2º. Ana Mª. Navarrete Porta. Ed. Sociedad Didáctico Musical.
- Cuadernos de Lenguaje 2ºA, 2ºB, 2ºC. Grao Elemental. Ibáñez-Cursá. Ed. Real Musical.
- Ritmo y lectura 2. López de Arenosa: Ed. Real Musical.
- Técnica básica de Lenguaje Musical. Cursos 1º y 2º de Grao Elemental. Xavier Boliart. Editoria; Dinsic.
- Lecciones de entonación 2º. Félix Sierra. Ed. Real Musical.
- Lecciones de entonación a 2 voces. Félix Sierra. Ed. Real Musical.
- Nuevos cuadernos de Teoría 2º. Grao Elemental. Ibáñez-Cursá. Ed. Real Musical.
- Teoría completa de la Música (Volumen 1). Dionisio de Pedro.
- Cantigas para unha pedagogía coral. Fátima Patiño. Edicions Fontela SL



6.3. Curso: 3º Curso de Grao Elemental (3º GE)

6.3.1. Obxectivos

- Relacionar os coñecementos que se adquiren na Linguaxe Musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo melódico – rítmico.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Conseguir a correcta emisión e articulación do son, así como unha boa afinación.
- Conseguir unha correcta asimilación dos contidos correspondentes ao área teórico-práctica.
- Adquirir soltura na lectura de fórmulas rítmicas traballadas durante o curso dentro dos compases e claves que figuran no programa.
- Mostrar unha moi boa caligrafía ó longo de todo o curso.
- Mostrar capacidade para a repentización

6.3.2. Contidos

Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación dos cursos anteriores.

Lectura:

- Coñecemento das claves de Sol e Fa na 4ª. Práctica de Dó na 3ª. Relación das claves entre si.
- Lectura combinada entre as claves de Sol e Fa na 4ª.

Ritmo:

- Cumprimento dos contidos rítmicos (entoándooos, facendo uso da “octavación” cando sexa necesario) correspondentes á bibliografía obrigada.
- Así mesmo utilizaranse tantos materiais adicionais como resulten necesarios para a exercitación óptima dos contidos.
- Coñecemento e exercitación dos contidos rítmicos presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine.
- Necesidade de marcar os compases.
- Figuras ata a fusa e os seus silencios.
- Dobre punto.
- Grupo de valoración especial irregulares nun pulso.
- Dominio da equivalencia pulso igual a pulso.
- Compases. Engadir os seguintes: 3/2, 4/2 e 2/8.
- Tempo, agónica, dinámica e articulación.



- Práctica de Ritmos simultáneos.
- Practica da memoria.
- Práctica da repentización rítmica.

Entoación:

- Cumprimento dos contados de entoación correspondentes bibliografía obrigada.
- Coñecemento e exercitación dos contidos de entoación presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine.
- Traballarse a entoación con o sen acompañamento pianístico.
- Respiración, articulación e emisión de voz.
- Mecanización interválica, ademais de escalas e arpexos de tonalidades ata dúas alteracións.
- Mecanización dos intervalos de 4ª diminuída e 5ª aumentada; 6ª e 7ª maiores e menores.
- Práctica do cromatismo.
- Entoación a dúas e tres voces.
- Práctica entoada de frases melódicas con acompañamento pianístico, ata dúas alteracións, atendendo á dinámica, agónica e articulación.
- Práctica da memoria e da repentización.
- Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.
- Práctica de improvisación melódica sobre unhas pautas pre-establecidas.

Práctica auditiva:

- Coñecemento e exercitación dos contidos auditivos presentes nos materiais que o profesor determine.
- Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico – rítmico abranguendo os dous apartados anteriores.
- Ditado interválico harmónico e melódico.
- Recoñecemento auditivo dos acordes xa traballados engadindo o de 7ª de dominante. Introducción aos acordes de 5ª Aumentada e 5ª Diminuída.
- Diferenciación de timbres.
- Deberanse facer audicións con frecuencia para o coñecemento dos diferentes estilos da historia da música.

Teoría da Música:

- Clave de do.
- Compases simples e compostos. Subdivisión.
- Intervalos con sons naturais e con alteracións.
- Inversión de intervalos. Ampliación e redución.



- Semitón cromático e diatónico, unísono e notas enharmónicas.
- Equivalencias. Pulso = pulso e diferente pulso.
- Signos de prolongación: ligadura, puntillo, dobre e triple puntillo, puntillo de complemento e caldeirón.
- Tonalidades maiores con díeses e bemoles.
- Relativos menores e tonalidades homónimas.
- Graos da escala. Tonais e modais.
- Tipos de escalas menores.
- Grupos de valoración especial: os traballados en 2º mais cuatrillo, cinquillo e seisillo.
- Notas a contratempo e sínkopas.
- Matices agóricos: os traballados en 1º e 2º mais alargando, slargando, afrettando, animando, stringendo, primo tempo, lo stesso tempo, ad libitum, a piacere, rubato, senza tempo, ritenuto e stretto.
- Matices dinámicos: os traballados en 1º e 2º mais mezzopiano, sforzando, sforzato, rinforzando, marcato, decrescendo, smorzando, stinguendo, sotto voce e mezza voce.
- Signos de abreviatura: repetición de compases ou parte dun compás, compases de silencio ou compases de espera, 8ª alta e baixa.
- Expresión musical: fraseo e termos de carácter.
- Acordes. Perfecto maior, perfecto menor, 5ª disminuída e 5ª aumentada.
- Modulación

6.3.3. Avaliación

6.3.3.1. Criterios de avaliación

1. Executar correctamente as fórmulas rítmicas nos compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 9/8, 12/8, 2/8, 3/8, 2/2 3/2, 4/2 traballadas na bibliografía obrigatoria.
2. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical e realizar correctamente as equivalencias.
3. Identificar no pentagrama as notas de melodías escritas nas claves de Sol, Fa na 4ª, Dó na 3ª.
4. Entoar correctamente as escalas e arpxos das tonalidades de dó maior, la menor, sol maior, mi menor, fa maior, re menor, re maior, si menor, si bemol maior e sol menor, así como melodías nestas tonalidades, con e sen acompañamento pianístico.
5. Entoar correctamente o semitón por floreo inferior e superior e como nota de paso cromática.
6. Entoar correctamente os exercicios melódicos propostos, atendendo á correcta emisión e afinación.
7. Realizar respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
8. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abrangendo as dificultades traballadas no curso.



9. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre:
semitón diatónico e cromático / claves / termos que indican cambios de tempo / signos de acentuación e articulación / intervalos de 2as e 3as maiores, menores, aumentadas e diminuídas, 4as, 5as e 8as xustas, intervalos de 6ª e 7ª maiores e menores, intervalos aumentados e diminuídos, intervalos de 6ª e 7ª maiores. / inversión de intervalos / tonalidades e armaduras / tonalidades relativas e veciñas / modulación e imitación / nome dos graos da escala / graos tonais e modais / acordes tríadas maiores e menores / dobres alteracións / enharmonías.
10. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos de semitón diatónico e cromático, dinámica, agónica, grupos de valoración especial excedentes e deficientes, nota de paso, floreo e apoiatura / graos tonais e modais / Acordes tríadas maiores e menores / enharmonía / ademais dos traballados nos cursos anteriores.
11. Coñecer o funcionamento básico dos instrumentos de vento madeira, vento metal, corda pulsada, corda frotada e percusión e recoñecer os seus timbres.
12. Improvisar respostas coherentes con motivos melódico-rítmicos dados.

6.3.3.2. *Mínimos esixibles*

Aínda tendo en conta que a evolución e o rendemento dos grupos é moi variable dependendo de factores tales como: as idades dos alumnos, o número de alumnos, o calendario escolar, as propias capacidades individuais dos alumnos, etc. podemos establecer uns mínimos esixibles que corresponden á bibliografía utilizada polo Departamento.

Para poder superar a materia de Linguaxe Musical neste curso, atenderase ós catro bloques de contidos avaliados reflectidos nesta programación no apartado de PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (Ritmo, entoación, práctica auditiva e teoría), e establecéndose os seguintes mínimos esixibles secuenciados trimestralmente:

3º- GE - RITMO		
Ritmo 3 - Jesús Tordesillas Herrero. Ed Si bemol		
1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Clave de Sol do nº 1 ao nº 48	Clave de Sol do nº 49 ao nº 95	Clave de Sol do nº 96 ao nº 144
Clave de Fa do nº 145 ao nº 155	Clave de Fa do nº 156 ao nº 166	Clave de Fa do nº 167 ao nº 176
Precisarase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios de pulso=60, permitindo unicamente erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas		



3º- GE - ENTOACIÓN		
Entonación 3 - Jesús Tordesillas Herrero. Ed Si bemol		
1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Do nº 1 ao nº 17	Do nº 18 ao nº 35	Do nº 36 ao nº 50
Precisarase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios de pulso=60, permitindo unicamente erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas		

PRÁCTICA AUDITIVA

En cada unha das avaliaciós realizarase a transcripción por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente un 50% de erros en cada exercicio.

TEORIA

En cada unha das avaliaciós deberase realizar correctamente polo menos o 50% dos exercicios teóricos expostos.

6.3.3.3. *Procedementos e ferramentas de avaliación*

Na L.O.E.. do mesmo xeito que na L.O.G.S.E. os profesores poden cualificar aos seus alumnos sen necesidade de que estes realicen un exame cun tribunal.

Nas primeiras xornadas lectivas realizarase unha AVALIACIÓN INICIAL. Para a realización da avaliación inicial analizaranse os informes de avaliación individualizados do curso pasado, a fin de detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior.

No que se refire á Linguaxe Musical debemos considerar que esta materia ten carácter troncal e ademais está concibida, non só como a materia que engloba os contidos do antigo Solfexo. Tamén nos seus últimos cursos será a transición graduada a outras materias como a Harmonía, por exemplo. Deste xeito, a Linguaxe Musical constitúese tamén como o lugar de recurso onde atopar as claves que lles permitan aos alumnos unha maior comprensión do feito musical.

A pesar de a perspectiva apuntada non debemos esquecer que a Linguaxe Musical resulta ser ademais a base fundamental para os alumnos que inician os seus estudos musicais.

Despois destas consideracións resulta obvio que a observación directa na propia aula dos alumnos resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser leste o sistema requirido pola administración competente.



Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, como ás inquietudes e interese do alumnado, que é o que, na maior parte dos casos, vai permitir co paso do tempo que este chegue a ser músico.

Aínda sendo incuestionable que o criterio de avaliación continua é o adecuado para avaliar aos alumnos, tamén temos establecidas probas trimestrais con información para os pais dos resultados das mesmas.

Estas probas abarcan en cada un dos cursos os seguintes apartados, tendo en conta os criterios de avaliación do trimestre reflectidos nas distintas programacións:

- Exercicios de lectura rítmica.
- Exercicios de entoación con ou sen acompañamento pianístico.
- Realización dunha proba auditiva.
- Proba escrita dos contidos teóricos dados.

Ademais do exposto, cando o profesor considéreo necesario, realízanse probas para controlar de forma máis individual os contidos teóricos e prácticos da materia.

6.3.3.4. *Criterios de cualificación*

De acordo coa L. O. E. contemplárase non só a aprendizaxe dos contidos conceptuais e procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais.

Consideramos moi importante estes últimos, xa que teñen moita influencia nos conceptuais á hora de valorar o rendemento do curso dun alumno en particular. Estes contidos actitudinais serán:

- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

Será o propio profesor quen cualifique ao final de curso aos seus alumnos, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo unha desglose da puntuación obtida polo alumno en cada apartado dos contidos de Ritmo, entoación, audición e teoría, ademais dos actitudinais (actitude, participación), segundo a seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 25%
- Entoación: 25%
- Audición: 25%
- Teoría: 20%
- Contidos Actitudinais: 5%



A cualificación global non só é a media das cualificacións parciais; esta cualificación global será a que mereza o desenvolvemento da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva para facerlle fronte ao curso seguinte, posto que a avaliación é continua e sumativa en todos os aspectos aquí reflectidos.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

A porcentaxe aplicable para a obtención da nota final será o seguinte:

- Nota de clase 50%
- Nota de exame 50%

No caso de que o nivel do alumnado dunha determinada clase o permita, os contidos e obxectivos desta programación de Linguaxe Musical e Educación auditiva e Vocal poderán ser ampliados no desenvolvemento das clases, aínda que non serán esixibles obrigatoriamente nas probas evaluativas.

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e medio, require un seguimento constante e continuado por parte do profesor e polo tanto, a asistencia regular ás clases.

O alumnado que non poida ser avaliado de forma continua, será avaliado mediante unha proba final de curso que consistirá nos seguintes apartados e as súas ponderacións, tendo en conta os contidos xerais do curso correspondente reflectidos nas programacións de Linguaxe Musical.

- Exercicio de lectura rítmica 30%
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico 20%
- Realización dunha proba auditiva 30%
- Proba escrita dos contidos teóricos do curso 20%

6.3.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para que a un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No que respecta á Linguaxe Musical, os profesores, previa información dos titores (dentro do primeiro trimestre) faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado da programación “Perda da avaliación continua”. O alumno demostrará nese exame que domina os contidos do curso no que se matriculou, pero tamén que terá que demostrar o grao de aptitudes e a capacidade para superar o seguinte.



O alumnado que opta á ampliación de matrícula deberá cursar a solicitude para o efecto, no prazo establecido polo centro profusamente anunciado polas canles habituais.

O exame realizarase antes da primeira avaliación e será na devandita sesión de avaliación onde será concedida, no seu caso, a ampliación de matrícula.

6.3.3.6. *Medidas de recuperación*

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente de Linguaxe Musical, matricularase, ademais, do curso seguinte da devandita materia. Deberá asistir ás clases dos dous cursos. Mentres non alcance os niveis esixidos e superase o curso pendente, non poderá conseguir unha cualificación positiva no curso superior.

Faranse exames (similares aos exames do alumnado que non poida ser avaliado de forma continua) abarcando todos os contidos da materia pendente para poder aprobar dita materia dentro do trimestre que o profesor considere oportuno. No caso que o alumno supere dita proba coa cualificación correspondente, poderá deixar de asistir ás clases do curso pendente, quedando este superado.

Procedementos de recuperación trimestrais

O alumno cun trimestre suspenso, pode ir recuperándoo, clase a clase, ao longo do trimestre seguinte, baixo a observación do profesor, que é quen debe considerar a evolución do alumno. Os contidos da materia favorecen unha aprendizaxe continua, construtivo e sumativo (cada elemento asimilado é base para a asimilación dun novo) xa que é imprescindible asegurar os elementos non asimilados para poder continuar a aprendizaxe.

O alumno que ao final do curso non consiga unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias que figuran neste currículo, co mesmo profesor.

6.3.3.7. *Probas extraordinarias*

Estes exames serán unicamente para aqueles alumnos que non superaron a materia de Linguaxe Musical ao longo do curso.

Devandito exame consistirá nos seguintes apartados, segundo os contidos xerais do curso reflectidos na programación e coa seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 30 %
- Entoación: 20 %
- Audición: 30 %
- Teoría: 20 %

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran na programación de cada curso.



Será o propio profesor quen cualifique este exame, segundo o exposto anteriormente no proxecto curricular.

6.3.4. Recursos didácticos

BIBLIOGRAFÍA OBRIGATORIA DE LINGUAXE MUSICAL - 3º Curso de GE

- Ritmo 3. Jesus Tordesillas Herrero. Ed Si bemol
- Entonación 3. Jesus Tordesillas Herrero. Ed Si bemol
- Teoría visual de la música 3. L. Abad Tamarit – A. Barrios Díaz. Ed. Impromptu

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA DE LINGUAXE MUSICAL - 3º Curso de GE

- Ritmo y Lectura Musical . 3º Enseñanzas Elementales. Ana Fernández-Vega. Musica Omnia Ediciones
- Lenguaje Musical Melódico III. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Lenguaje Musical Rítmico III. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Teoría del Lenguaje Musical. 3º Curso. Sonia Bellón, Marcelino Moreno. Ed Música Didáctica.
- Ana Mª. Navarrete Porta. El Lenguaje de la Música 3º. Madrid. Sociedad Didáctico Musical.
- Ritmo y lectura 2º. López de Arenosa. Ed. Real Musical.
- Técnica básica de Lenguaje Musical. Curso 3º de Grao Elemental. Xavier Boliart. Editoria; Dinsic.
- Lecciones de entonación 3º. Ed. Real Musical.
- Lenguaje Musical Melódico III. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Nuevos cuadernos de Teoría 3º Grao Elemental. Ibáñez-Cursá. Ed. Real Musical.
- Teoría completa de la Música (Volumen 1). Dionisio de Pedro.
- Cantigas para unha pedagogía coral. Fátima Patiño. Edicións Fontela. S. L.



6.4. Curso: 4º Curso de Grao Elemental (4º GE)

6.4.1. Obxectivos

- Desenrolar a capacidade de lectura rítmica.
- Desenrolar a capacidade de entoar correctamente con acompañamento pianístico.
- Comprensión teórico-práctica das equivalencias de figura = figura e pulso = pulso.
- Identificar correctamente o compás e a tonalidade nos ditados melódico-rítmicos.
- Dominar teoricamente e visualmente as especies de intervalos xustos, maiores, menores, aumentados e diminuídos.
- Desenrolar a capacidade de entoar a capella en dó maior, la menor, fa maior, re menor, sol maior, mi menor, re maior, si menor, si bemol maior e si menor.
- Desenrolar a capacidade de repentización da lectura rítmica e entoada.
- Dominar as combinacións rítmicas derivadas dos grupos de valoración especial regulares e irregulares.
- Identificación das tonalidades a partir dos nomes das tonalidades e a partir das armaduras.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.
- Mostrar unha moi boa caligrafía ó longo de todo o curso.
- Mostrar capacidade para a repentización

6.4.2. Contidos

Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación dos cursos anteriores.

Lectura:

- Dominio das claves de Sol e Fa na 4ª. Práctica das claves de Do en 3ª e 4ª. Relación das claves entre si.
- Lectura polifónica e simultánea entre as claves de Sol e Fa na 4ª.

Ritmo:

- Cumprimento dos contidos rítmicos (entoándoos, facendo uso da “octavación” cando sexa necesario) correspondentes á bibliografía obrigada.
- Así mesmo utilizaranse tantos materiais adicionais como resulten necesarios para a exercitación óptima dos contidos.
- Coñecemento e exercitación dos contidos rítmicos presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine.
- Necesidade de marcar os compases
- Práctica básica das semifusas e os seus silencios.



- Dominio dos grupos de valoración especial irregulares nun pulso.
- Práctica da equivalencia pulso igual a pulso e figura igual a figura.
- Práctica das tres formas de marcar os compases.
- ▪ Coñecemento das notas de adorno básicas
- Tempo, agóxica, dinámica e articulación.
- Práctica de Ritmos simultáneos.
- Practica da memoria.
- Práctica da repentización rítmica.
- Práctica de improvisación rítmica sobre unhas pautas pre-establecidas.

Entoación:

- Cumprimento dos contados de entoación correspondentes á bibliografía obrigada.
- Coñecemento e exercitación dos contidos de entoación presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine.
- Traballarse a entoación con o sen acompañamento pianístico
- Respiración, articulación e emisión de voz.
- Mecanización interválica, ademais de escalas e arpexos de tonalidades ata tres alteracións.
- Mecanización de intervalos simples: 2ª, 3ª, 6ª e 7ª Maiores e menores; 4ª, 5ª e 8ª xusta; 4ª Aumentada e 5ª Disminuida.
- Práctica do cromatismo.
- Práctica entoada de frases melódicas con acompañamento pianístico, ata tres alteracións, atendendo á dinámica, agóxica e articulación.
- Dominio da memoria e da repentización.
- Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.
- Práctica de improvisación melódica sobre unhas pautas pre-establecidas.

Práctica auditiva:

- Coñecemento e exercitación dos contidos auditivos presentes nos materiais que o profesor determine.
- Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico – rítmico abranguendo os dous apartados anteriores
- Ditado interválico harmónico e melódico.
- Recoñecemento auditivo dos acordes xa traballados.
- Recoñecemento de cadencias suspensivas e conclusivas.
- Diferenciación de timbres.
- ▪Deberanse facer audicións con frecuencia para o coñecemento dos diferentes estilos da historia da música.



Teoría da Música:

- Tonalidades maiores e menores con díeses e bemoles.
- Tonalidades veciñas e modulación.
- Graos da escala. Tonais e modais.
- Tetracordo
- Tipos de escalas menores. Natural, armónica melódica e dórica.
- Tipos de escalas maiores. Natural, mixta principal, mixta secundaria e mixolidia.
- Escala cromática, pentatónica maior e menor, e hexátone de tons enteiros.
- Alteracións dobres e enharmonías.
- Intervalos. Clasificación e especie con notas alteradas. Inversión, ampliación e redución.
- Compases. Os traballados nos cursos anteriores mais compases a un tempo: 2/8 e 3/8.
- Compases de amalgama e compases alternos.
- Signos de abreviatura. Os traballados en 2º e 3º mais notas repetidas, repetición de acordes e alternancia regular de dous ou mais notas.
- Intervalos, escalas e tonalidades enharmónicas.
- Notas de adorno. Apoiatura, mordente e trino.
- Signos de prolongación. Dobre e triple puntillo.
- Equivalencias. Mesmo compás, en compases con mesmo denominador e en compases con distinto denominador.
- Acordes. Os traballados en 3º mais o de 7ª de dominante.
- Inversión, duplicación, e cifrado de acordes.
- Grupos de valoración especial. Os traballados en 2º e 3º mais septillo.
- Cadencias. Perfecta, imperfecta, plagal, rota e semicadencia.
- Notas a contratempo e sínkopas.
- Relación das claves entre sí.
- Signos de articulación e acentuación. Legato, picado, subliñado, acento e marcato.
- Frase musical.
- Tempo. Termos traballados nos cursos anteriores.
- Carácter. Termos traballados nos cursos anteriores.
- Matices agónicos. Os traballados nos cursos anteriores.
- Matices dinámicos. Os traballados nos cursos anteriores.

6.4.3. Avaliación

6.4.3.1. Criterios de avaliación

1. Executar correctamente as fórmulas rítmicas en diferentes compases traballadas na bibliografía obrigatoria.
2. Repentizar con soltura fragmentos que inclúan os contidos rítmicos do apartado anterior.
3. Lectura fluída da clave de Fa na 4ª.
4. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
5. Correcta execución práctica das equivalencias de figura = figura e pulso = pulso.



6. Entoar correctamente as escalas e arpexos das tonalidades ata catro alteracións.
7. Entoar correctamente exercicios de intervalos simples, xustos, maiores e menores, aumentados e diminuídos.
8. Entoar correctamente os exercicios melódicos propostos, atendendo á correcta emisión e afinación.
9. Repentizar con soltura leccións para entoar con acompañamento pianístico.
10. Realizar con corrección ditados melódico-rítmicos.
11. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para una correcta emisión vocal.
12. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no curso.
13. Intervalos, tonalidades e acordes.
14. Escalas diatónicas, cromáticas, pentáfonas, hexátonas e mixtas.
15. Enharmonías: sons, intervalos e tonalidades.
16. Acordes de tríada e de 7ª de dominante e as súas inversións.
17. Signos de abreviación na escritura.
18. Dominio das tonalidades por número de alteracións e viceversa.
19. Comprensión teórica das equivalencias utilizadas na práctica.
20. Coñecemento das notas de paso, floreo e apoiatura.
21. Intervalos harmónicos: consonantes e disonantes.
22. Relación das claves entre sí.
23. Carácter e expresión musical.
24. O metrónomo e o diapasón.
25. Notas de adorno básicas.
26. Coñecemento das distintas familias de instrumentos.

6.4.3.2. *Mínimos esixibles*

Aínda tendo en conta que a evolución e o rendemento dos grupos é moi variable dependendo de factores tales como: as idades dos alumnos, o número de alumnos, o calendario escolar, as propias capacidades individuais dos alumnos, etc. podemos establecer uns mínimos esixibles que corresponden á bibliografía utilizada polo Departamento.

Para poder superar a materia de Linguaxe Musical neste curso, atenderase ós catro bloques de contidos avaliados reflectidos nesta programación no apartado de PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (Ritmo, entoación, práctica auditiva e teoría), e establecéndose os seguintes mínimos esixibles secuenciados trimestralmente:



4º- GE - RITMO		
Ritmo 4 - Jesús Tordesillas Herrero. Ed Si bemol		
1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Do nº 1 ao nº 43 + páxs 59 a 61	Do nº 44 ao nº 98 + páxs 62,71 y 72	Do nº 99 ao nº 125 + páxs 63 a 69, 72 a 74, 75 a 82
Clave Do en 3ª páx 83	Clave Do en 3ª páx 84	Clave Do en 3ª páx 85
Clave Do en 4ª páx 86	Clave Do en 4ª páx 87	Clave Do en 4ª páx 88
Precisarase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios de pulso=60, permitindo unicamente erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas		

3º- GE - ENTOACIÓN		
Entonación 3 - Jesús Tordesillas Herrero. Ed Si bemol		
1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Do nº 1 ao nº 18	Do nº 19 ao nº 36	Do nº 37 ao nº 55
Precisarase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios de pulso=60, permitindo unicamente erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas		

PRÁCTICA AUDITIVA

En cada unha das avaliaci3ns realizarase a transcripci3n por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente un 50% de erros en cada exercicio.

TEORIA

En cada unha das avaliaci3ns deberase realizar correctamente polo menos o 50% dos exercicios te3ricos expostos.

6.4.3.3. *Procedementos e ferramentas de avaliación*

Na L.O.E.. do mesmo xeito que na L.O.G.S.E. os profesores poden cualificar aos seus alumnos sen necesidade de que estes realicen un exame cun tribunal.

Nas primeiras xornadas lectivas realizarase unha AVALIACIÓN INICIAL. Para a realizaci3n da avaliación inicial analizaranse os informes de avaliación individualizados do curso pasado, a fin de detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior.

No que se refire á Linguaxe Musical debemos considerar que esta materia ten carácter troncal e ademais est3 concibida, non s3 como a materia que engloba os contidos do antigo Solfexo. Tam3n nos seus 3ltimos cursos ser3 a transici3n graduada a outras materias como a Harmonía, por exemplo. Deste xeito, a Linguaxe Musical constitúese tam3n como o lugar



de recurso onde atopar as claves que lles permitan aos alumnos unha maior comprensión do feito musical.

A pesar de a perspectiva apuntada non debemos esquecer que a Linguaxe Musical resulta ser ademais a base fundamental para os alumnos que inician os seus estudos musicais.

Despois destas consideracións resulta obvio que a observación directa na propia aula dos alumnos resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser leste o sistema requirido pola administración competente.

Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, como ás inquietudes e interese do alumnado, que é o que, na maior parte dos casos, vai permitir co paso do tempo que este chegue a ser músico.

Aínda sendo incuestionable que o criterio de avaliación continua é o adecuado para avaliar aos alumnos, tamén temos establecidas probas trimestrais con información para os pais dos resultados das mesmas.

Estas probas abarcan en cada un dos cursos os seguintes apartados, tendo en conta os criterios de avaliación do trimestre reflectidos nas distintas programacións:

- Exercicios de lectura rítmica.
- Exercicios de entoación con ou sen acompañamento pianístico.
- Realización dunha proba auditiva.
- Proba escrita dos contidos teóricos dados.

Ademais do exposto, cando o profesor considéreo necesario, realízanse probas para controlar de forma máis individual os contidos teóricos e prácticos da materia.

6.4.3.4. *Criterios de cualificación*

De acordo coa L. O. E. contemplárase non só a aprendizaxe dos contidos conceptuais e procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais.

Consideramos moi importante estes últimos, xa que teñen moita influencia nos conceptuais á hora de valorar o rendemento do curso dun alumno en particular. Estes contidos actitudinais serán:

- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.



Será o propio profesor quen cualifique ao final de curso aos seus alumnos, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo unha desglose da puntuación obtida polo alumno en cada apartado dos contidos de Ritmo, entoación, audición e teoría, ademais dos actitudinais (actitude, participación), segundo a seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 25%
- Entoación: 25%
- Audición: 25%
- Teoría: 20%
- Contidos Actitudinais: 5%

A cualificación global non só é a media das cualificacións parciais; esta cualificación global será a que mereza o desenvolvemento da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva para facerlle fronte ao curso seguinte, posto que a avaliación é continua e sumativa en todos os aspectos aquí reflectidos.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

A porcentaxe aplicable para a obtención da nota final será o seguinte:

- Nota de clase 40%
- Nota de exame 60%

No caso de que o nivel do alumnado dunha determinada clase o permita, os contidos e obxectivos desta programación de Linguaxe Musical e Educación auditiva e Vocal poderán ser ampliados no desenvolvemento das clases, aínda que non serán esixibles obrigatoriamente nas probas evaluativas.

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e medio, require un seguimento constante e continuado por parte do profesor e polo tanto, a asistencia regular ás clases.

O alumnado que non poida ser avaliado de forma continua, será avaliado mediante unha proba final de curso que consistirá nos seguintes apartados e as súas ponderacións, tendo en conta os contidos xerais do curso correspondente reflectidos nas programacións de Linguaxe Musical.

- Exercicio de lectura rítmica 30%
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico 20%
- Realización dunha proba auditiva 30%
- Proba escrita dos contidos teóricos do curso 20%



6.4.3.5. *Criterios para a concesión de ampliación de matrícula*

Ao ser final de Grao Elemental non é posible a ampliación de matrícula neste curso.

6.4.3.6. *Medidas de recuperación*

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente de Linguaxe Musical, matricularase, ademais, do curso seguinte da devandita materia. Deberá asistir ás clases dos dous cursos. Mentres non alcance os niveis esixidos e superase o curso pendente, non poderá conseguir unha cualificación positiva no curso superior.

Faranse exames (similares aos exames do alumnado que non poida ser avaliado de forma continua) abarcando todos os contidos da materia pendente para poder aprobar dita materia dentro do trimestre que o profesor considere oportuno. No caso que o alumno supere dita proba coa cualificación correspondente, poderá deixar de asistir ás clases do curso pendente, quedando este superado.

Procedementos de recuperación trimestrais

O alumno cun trimestre suspenso, pode ir recuperándoo, clase a clase, ao longo do trimestre seguinte, baixo a observación do profesor, que é quen debe considerar a evolución do alumno. Os contidos da materia favorecen unha aprendizaxe continua, construtivo e sumativo (cada elemento asimilado é base para a asimilación dun novo) xa que é imprescindible asegurar os elementos non asimilados para poder continuar a aprendizaxe.

O alumno que ao final do curso non consiga unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias que figuran neste currículo, co mesmo profesor.

6.4.3.7. *Probas extraordinarias*

Estes exames serán unicamente para aqueles alumnos que non superaron a materia de Linguaxe Musical ao longo do curso.

Devandito exame consistirá nos seguintes apartados, segundo os contidos xerais do curso reflectidos na programación e coa seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 30 %
- Entoación: 20 %
- Audición: 30 %
- Teoría: 20 %

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran na programación de cada curso. Será o propio profesor quen cualifique este exame, segundo o exposto anteriormente no proxecto curricular.



6.4.4. Recursos didácticos

BIBLIOGRAFÍA OBRIGATORIA DE LINGUAXE MUSICAL - 4º Curso de GE

- Ritmo 4. Jesus Tordesillas Herrero. Ed Si bemol
- Entonación 4. Jesus Tordesillas Herrero. Ed Si bemol
- Teoría visual de la música 4. L. Abad Tamarit – A. Barrios Díaz. Ed. Impromptu

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA DE LINGUAXE MUSICAL - 4º Curso de GE

- Ritmo y Lectura Musical. 4º Enseñanzas Elementales. Ana Fernández-Vega. Musica Omnia Ediciones
- Lenguaje Musical Melódico IV. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Lenguaje Musical Rítmico IV. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Teoría del Lenguaje Musical. 4º Curso. Ana M^a. Navarrete Porta. Ed Música Didáctica..
- El Lenguaje de la Música 4º. López de Arenosa. Sociedad Didáctico Musical.
- Ritmo y lectura 3º. López de Arenosa. Ed. Real Musical.
- Técnica básica de Lenguaje Musical. Curso 4º de Grado Elemental. Xaviert Boliart. Editorial Dinsic
- Lecciones de entonación 4º. Félix Sierra. Ed. Real Musical.
- Lenguaje Musical Melódico IV. Varios autores. Ediciones Si bemol
- Nuevos cuadernos de Teoría 4º. Grao Elemental. Ibáñez-Cursá. Ed. Real Musical.
- Teoría completa de la Música (Volumen 1 e 2). Dionisio de Pedro.
- Cantigas para unha pedagogía coral. Fátima Patiño. Edicións Fontela. S. L.



6.5. Curso: 1º Curso de Grao Profesional (1º GP)

6.5.1. Obxectivos

- Relacionar os coñecementos que se adquiren na Linguaxe Musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir soltura na lectura das claves de Sol e Fa na 4ª.
- Traballar a lectura en Do na 1ª, 3ª e 4ª.
- Adquirir soltura rítmica nos compases de amalgama e dispaes.
- Conseguir realizar equivalencias nos distintos cambios de compás.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento harmónico, formal e analítico.
- Desenvolver as capacidades auditivas, melódicas e rítmicas.
- Mostrar capacidade para a repentización

6.5.2. Contidos

Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos do Grao Elemental.

Lectura:

- Dominio das claves de Sol e Fa na 4ª. Coñecemento e práctica de Dó na 1ª, 3ª, e 4ª. Relación das citadas claves entre si.

Ritmo:

- Coñecemento e exercitación dos contidos rítmicos presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine. Valorarase os contidos rítmicos que sexan entoados.
- Práctica dos compases xa coñecidos e os dispaes e de amalgama.
- Compases tradicionais como dispaes.
- Capacidade de marcar os compases e manter o pulso constante segundo o ritmo interior.
- Grupos de valoración especial regulares e irregulares en varios pulsos nos distintos compases.
- Traballo de equivalencias, cambios de tempo e de compás.
- Práctica da repentización, da memoria e da improvisación.
- Práctica da subdivisión en fragmentos con fusas e en compases de subdivisión ternaria con denominador 4.

Entoación:

- Cumprimento dos contidos de entoación correspondentes á bibliografía obrigada.
- Práctica de música real (lied, cancións...).



- Entoación con o sen acompañamento pianístico.
- Mecanización intervállica, ademais das escalas e arpxos de tonalidades ata cinco alteracións.
- Lectura intervállica pura.
- Práctica dunha liña melódica ata cinco alteracións.
- Práctica de entoación de escalas con e sen acompañamento pianístico.
- Práctica da polifonía.
- Práctica da repentización, da memoria e da improvisación.
- Práctica dunha liña melódica modal, pentáfona, hexátona e cromática.
- Hixiene e emisión vocal

Práctica auditiva:

- Ditado a dúas voces ata dúas alteracións. Na segunda voz traballaranse as notas correspondentes os acordes de Tónica, Dominante, Subdominante e o de 7ª de dominante (tanto en estado fundamental como en inversións na 2ª voz. Na 1ª voz poderanse incluír notas diatónicas e cromáticas).
- Recoñecemento auditivo de funcións harmónicas básicas(I / IV / V / VI / V do V).
- Ditado de acordes en estado fundamental (PM / Pm / 5ª aum. / 5ª dism. / 7ª de dominante e 7ª diminuída).
- Recoñecemento das distintas cadencias.
- Diferenciación de timbres dos instrumentos da orquestra.
- Análise auditivo de repertorio de distintos estilos.

Teoría da Música:

- Coñecemento e exercitación dos contidos teóricos presentes nos materiais e nos posibles libros complementarios que o profesor determine.
- Consolidar os contidos fundamentais adquiridos en GE: intervalos e tonalidades
- Relación e ámbito das claves entre si.
- Clasificación das distintas voces harmónicas e claves empregadas nas mesmas (antiga e moderna).
- Escalas: diatónica (maiores e menores con todos os seus tipos), cromática, pentáfona e hexátona.
- Modos gregos, gregorianos e diatónicos.
- Calidades do son e índices acústicos.
- Iniciación á Harmonía . Consonancias e Disonancias.
- Acordes PM / Pm / 5ª aum. / 5ª dism / 7ª de dominante / 7ª diminuída. Acorde de Dominante da Dominante (V de V e tamén V7 de V)..
- Notas estrañas aos acordes.
- Cadencias.
- Formas básicas (AB, ABA).
- Notas de adorno básicas.



- Iniciación á forma e sintaxes musical (célula, frase, semifrase e período).
- Compases: regulares, de amalgama, característicos e dispaes.
- Grupos de valoración especial nun tempo e en varios tempos.
- Intervalos compostos e enharmónicos.

6.5.3. Avaliación

6.5.3.1. *Criterios de avaliación*

1. Dominar a lectura de Sol e Fa na 4ª.
2. Ler exercicios en Dó na 1ª, 3ª e 4ª cunha rítmica doada.
3. Entender e realizar equivalencias en compases simples e compostos, así como nos compases de amalgama e dispaes.
4. Executar valores especiais irregulares nun pulso. tresillos regulares en 2 e 4 partes e dosillos de compás en 3 tempos, cuatrillos de compás en 3 tempos.
5. Executar grupos artificiais nun tempo.
6. Saber medir compases tradicionais como dispaes.
7. Ler semifusas en compases compostos.
8. Entoar correctamente os exercicios propostos, atendendo á correcta emisión e afinación.
9. Entoar unha liña melódica que conteña modulacións.
10. Entoar intervalos xustos, aumentados e diminuídos fora dun contexto tonal.
11. Entoar unha liña melódica modal.
12. Entender o sistema modal.
13. Dominio da comprensión e audición dos acordes sinalados no apartado de teoría
14. Recoñecer auditivamente funcións harmónicas e as diversas especies de intervalos.
15. Recoñecer o ámbito das claves.
16. Recoñecer auditivamente funcións harmónicas e as diversas especies de intervalos.
17. Identificar e reproducir por escrito as dúas voces escoitadas no ditado.
18. Identificar auditivamente as distintas cadencias.

6.5.3.2. *Mínimos esixibles*

Aínda tendo en conta que a evolución e o rendemento dos grupos é moi variable dependendo de factores tales como: as idades dos alumnos, o número de alumnos, o calendario escolar, as propias capacidades individuais dos alumnos, etc., podemos establecer uns mínimos esixibles que corresponden á bibliografía utilizada polo Departamento.

Para poder superar a materia de Linguaxe Musical neste curso, atenderase ós catro bloques de contidos avaliados reflectidos nesta programación no apartado de PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (Ritmo, entoación, práctica auditiva e teoría), e establecéndose os seguintes mínimos esixibles secuenciados trimestralmente:



Ritmo

1º trimestre:

- Coñecemento e exercitación dos contidos rítmicos correspondentes.
- Capacidade de marcar os compases.
- Práctica da repentización.

No desenvolvemento dos puntos anteriores precisárase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios (pulso = 60), permitindo erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas.

2º trimestre:

- Coñecemento e exercitación dos contidos rítmicos correspondentes.
- Capacidade de marcar os compases.
- Práctica da repentización e da memoria.

No desenvolvemento dos puntos anteriores precisárase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios (pulso = 60), permitindo erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas.

3º trimestre:

- Coñecemento e exercitación dos contidos rítmicos correspondentes.
- Música sen compasar.
- Capacidade de marcar os compases.
- Práctica da repentización e da memoria.

No desenvolvemento dos puntos anteriores precisárase unha velocidade mínima de lectura dos distintos exercicios (pulso = 60), permitindo erros ou imprecisións nun 50% das fórmulas rítmicas traballadas.

Entoación

1º trimestre :

- Cumprimento dos contidos de entoación correspondentes.
- Mecanización interválica, ademais das escalas e arpechos ata tres alteracións. Entoación con e sen acompañamento pianístico.
- Práctica da repentización.

No desenvolvemento dos contidos reflectidos nos puntos anteriores, precisárase unha velocidade mínima de lectura (pulso= 60), permitindo unicamente erros ou imprecisións na afinación non superiores ó semitón no 50% das dificultades melódicas traballadas.

2º trimestre:

- Cumprimento dos contidos de entoación correspondentes.
- Entoación con e sen acompañamento pianístico. Práctica da repentización e da memoria.

No desenvolvemento dos contidos reflectidos nos puntos anteriores, precisárase unha velocidade mínima de lectura (pulso= 60), permitindo unicamente erros ou imprecisións na afinación non superiores ó semitón no 50% das dificultades melódicas traballadas.



3º trimestre:

- Cumprimento dos contidos de entoación correspondentes.
- Práctica da repentización e da memoria.

No desenvolvemento dos contidos reflectidos nos puntos anteriores, precisarase unha velocidade mínima de lectura (pulso= 60), permitindo unicamente erros ou imprecisións na afinación non superiores ó semitón no 50% das dificultades melódicas traballadas.

Practica auditiva

Transcrición por escrito dos contidos sonoros, correspondentes a cada un dos trimestres, permitindo unicamente erros no 50% da totalidade de cada exercicio.

1º trimestre:

- Ditado a unha voz ata catro alteracións en distintos rexistros (clave de sol e clave de fa na cuarta).
- Ditados rítmicos a dúas voces en compases regulares.
- Ditado rítmico a unha voz en compases dispaes.
- Ditado a dúas voces no que unha delas sexa só rítmica e a outra rítmico-melódica.
- Ditado de acordes en estado fundamental (PM / Pm / 5ª aum. / 5ª dism.).
- Ditado de funcións harmónicas básicas en estado fundamental (tónica, dominante e subdominante).

2º trimestre:

- Ditado a dúas voces ata dúas alteracións. Na segunda voz traballaranse as notas correspondentes os acordes de Tónica, Dominante, Subdominante (en estado fundamental. Na 1ª voz poderanse incluír notas diatónicas e cromáticas).
- Ditado de acordes en estado fundamental (PM / Pm / 5ª aum. / 5ª dism. / 7ª de dominante e 7ª diminuída).
- Recoñecemento das distintas cadencias.
- Recoñecemento auditivo de funcións harmónicas básicas (I / IV / V / II / III / VI).

3º trimestre:

- Ditado a dúas voces ata dúas alteracións. Na segunda voz traballaranse as notas correspondentes os acordes de Tónica, Dominante, Subdominante e o de 7ª de dominante (tanto en estado fundamental como en inversións na 2ª voz. Na 1ª voz poderanse incluír notas diatónicas e cromáticas).
- Ditado de acordes en estado fundamental (PM / Pm / 5ª aum. / 5ª dism. / 7ª de dominante e 7ª diminuída).
- Recoñecemento das distintas cadencias.
- Recoñecemento auditivo de funcións harmónicas básicas (I / IV / V / II / III / VI).
- Diferenciación de timbres.



Teoría

Realización correcta do 50% dos exercicios teóricos plantexados en cada trimestre, segundo a seguinte secuenciación.

1º trimestre:

- Compases: regulares, de amalgama, característicos e dispaes.
- Grupos de valoración especial nun e varios tempos.

2º trimestre:

- Escalas: diatónica, cromática, pentatónica maior e menor, hexátóna.
- Intervalos: compostos e enharmónicos.
- Iniciación á forma e sintaxes musical (célula, frase, semifrase e período).
- Introducción aos modos eclesiásticos e aplicación na música modal. Relación e ámbito das claves entre si.
- Clasificación das distintas voces harmónicas e claves empregadas nas mesmas (antiga e moderna).

3º trimestre :

- Acordes PM / Pm / 5ª aum. / 5ª dism / 7ª de dominante / 7ª diminuida.
- Cadencias.
- Notas estrañas aos acordes.
- Aparición da polifonía.
- Iniciación á Harmonía. Consonancias e Disonancias. Dominantes secundarias.
- Iniciación ás grafías contemporáneas.
- Calidades do son e índices acústicos.

6.5.3.3. *Procedementos e ferramentas de avaliación*

Nas primeiras xornadas lectivas realizarase unha AVALIACIÓN INICIAL que servirá como diagnóstico tanto do nivel da clase como do individual de cada alumno.

No que se refire á Linguaxe Musical debemos considerar que esta materia ten carácter troncal e ademais está concibida, non só como a materia que engloba os contidos do antigo Solfexo. Tamén nos seus últimos cursos será a transición graduada a outras materias como a Harmonía, por exemplo. Deste xeito, a Linguaxe Musical constitúese tamén como o lugar de recurso onde atopar as claves que lles permitan aos alumnos unha maior comprensión do feito musical.

A pesar da perspectiva apuntada non debemos esquecer que a Linguaxe Musical resulta ser ademais a base fundamental para os alumnos que inician os seus estudos musicais.



Despois destas consideracións resulta obvio que a observación directa na propia aula dos alumnos resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser leste o sistema requirido pola administración competente.

Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, como ás inquietudes e interese do alumnado, que é o que, na maior parte dos casos, vai permitir co paso do tempo que este chegue a ser músico.

Aínda sendo incuestionable que o criterio de avaliación continua é o adecuado para avaliar aos alumnos, tamén temos establecidas probas trimestrais con información para os pais dos resultados das mesmas.

Estas probas abarcan en cada un dos cursos os seguintes apartados, tendo en conta os criterios de avaliación do trimestre reflectidos nas distintas programacións:

- Exercicios de lectura rítmica.
- Exercicios de entoación con ou sen acompañamento pianístico.
- Realización dun ditado.
- Exercicio de teoría escrito de dez preguntas.

Ademais do exposto, cando o profesor considéreo necesario, realízanse probas para controlar de forma máis individual os contidos teóricos e prácticos da materia.

6.5.3.4. *Criterios de cualificación*

Contemplanse non só a aprendizaxe dos contidos conceptuais e procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais.

Consideramos moi importante estes últimos, xa que teñen moita influencia nos conceptuais á hora de valorar o rendemento do curso dun alumno en particular. Estes contidos actitudinais serán:

- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

